




UNHA PRODUÇÃO DE **limiar** CRÉMILO 

# NOSO PROYECTO





# SINOPSE



***Canto conto!*** mérgullanos nunha viaxe chea de música, risas e sorpresas. Acompaña a dous recolletores de lixo na súa aventura polo fascinante mundo da reciclaxe e a sustentabilidade.

**Espectáculo especialmente deseñado para o público mais novo!**

**Nesta historia, os nosos protagonistas exploran xeitos de reciclar, mostran os distintos tipos de contaminación existentes e propoñen solucións ante isto.**

**Desfruta aprendendo a través de diversos xéneros musicais, desde o Rock and Roll ata o Rap, pasando pola Salsa ou o Funky. Pero, ollo, non só se trata de música, hai moito máis!**



# NOSO PROXECTO



Exploraremos temas como a igualdade, a diversidade, o ecoloxismo e a importancia de traballar xuntos para acadar un futuro mais sostible.

O mellor de todo é que ti, o noso querido público, serás parte activa desta viaxe.

Rirás, cantarás, bailarás e aprenderás dunha maneira divertida e lúdica. En Canto conto! o xogo co público é fundamental.

Prepárate para unha experiencia única onde a música, o teatro, a manipulación de obxectos e o humor combínanse nun espectáculo versátil e adaptable a calquera espazo.

Únete a nós nesta emocionante travesía cara a un mundo mais ecolóxico e consciente!



# NOSO PROXECTO



***Canto conto!*** é un espectáculo, un conto musical, un concerto...unha experiencia lúdica e no que o público fará unha viaxe polo mundo valorando o poder da reciclaxe e da reutilización.

***Canto conto!*** é un espectáculo multidisciplinar que integra a música, o teatro, a manipulación de obxectos e a comedia.

**Espectáculo modular e adaptable a todo tipo de espazos.**

# DATOS BÁSICOS



# DATOS BÁSICOS

**Idioma: Galego**

**Duración: 45 min.**

**Idade recomendada: Público Familiar (a partir de 5 anos)**

**Requisitos de espacio: 6 x 5 m (técnica adaptable).**

**O espectáculo adáptase a todo tipo de espazos incluso a espazos onde non é posible facer o escuro total.**

**A compañía pola súa experiencia previa está especializada en propostas en espazos patrimoniais, singulares e non convencionais polo que é unha oportunidade para articular unha xira por ese tipo de espazos, poñéndoos en valor.**





# OBXECTIVOS XERAIIS





# OBXECTIVOS XERAIS

- **DOTAR AOS ASISTENTES DE FERRAMENTAS PARA MELLORAR O PLANETA.**
- **EDUCAR AO PÚBLICO SOBRE A IMPORTANCIA DA RECICLAXE E OS SEUS BENEFICIOS PARA O MEDIO AMBIENTE.**
- **FOMENTAR O RESPECTO A DIVERSIDADE.**
- **POTENCIAR A IGUALDADE.**
- **MOTIVAR Á AUDIENCIA PARA TOMAR MEDIDAS CONCRETAS PARA REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR.**
- **INSPIRAR AOS ESPECTADORES PARA ADOPTAR PRÁCTICAS MÁIS SOSTIBLES NAS SÚAS VIDAS DIARIAS.**
- **MOSTRAR A CREATIVIDADE E A INNOVACIÓN QUE PODEN XURDIR A PARTIR DA REUTILIZACIÓN DE MATERIAIS.**
- **FOMENTAR A PARTICIPACIÓN ACTIVA DA AUDIENCIA A TRAVÉS DE PREGUNTAS, DISCUSIÓNS OU ACTIVIDADES INTERACTIVAS DESPOIS DA FUNCIÓN.**



**EQUIPA**



# IVÁN DAVILA




**É Titulado Superior en Arte Dramático pola ESAD de Galicia, na especialidade de interpretación textual.**

**Complementa a súa formación asistindo a diversos talleres impartidos por profesionais como Vicente Fuentes, Dani Abreu, David Luque, Carlos Sante ou Santi Cortegoso.**

**Actualmente desempeñase como clown hospitalario en Fundación Theodora, visitando de forma presencial hospitais de Galicia e de forma virtual outros no resto do país. Forma parte da compañía Nelson Quinteiro Producciones, levando a cabo espectáculos de rúa cunha forte presenza da danza e do cabaret.**

**No 2019 crea a compañía NegroLópez, coa que realiza os espectáculos XOGAMOS? e SEN PALABRAS.**



# BRAIS IRIARTE



**É licenciado en Arte Dramático pola ESAD de Galicia. Formado no Conservatorio de Tui en guitarra eléctrica.**

**Músico multinstrumentista e cantante formado en Galicia e Portugal.**

**Traballou en diversos proxectos teatrais como Se fosen turistas levarían gafas de sol, A lingua na boca, A lingua de contrabando ou Pedro madruga no Castelo de Soutomaior. Traballou e formouse como actor en diversos países: España, Portugal, Arxentina ou Uruguai.**

**Colaborou en proxectos musicais como Le BarLuthier, Fan Blues, Dudecan, E-Jazz Band ou Los Lentos e con artistas como Wöyza, Pablo Novoa, Nicolás Pastoriza, Litus Ruiz, Alberto Vilas, Adrián Solla ou Serafín Carballo. Foi baixista e vocalista do programa da Televisión de Galicia Heicho cantar queridiña.**

# MAIKA AGUADO



É Titulada Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, na especialidade de interpretación, ademais de posuír un Máster en Estudos Avanzados de Teatro pola UNIR. Formada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela.

A súa experiencia nos medios de comunicación vén avalada por máis de dúas décadas en emisoras e canles como Radio Noroeste, Radio Galega, Televisión de Galicia, Televisión do Val Miñor e Tele Vigo.

Participou como actriz en series de ficción como Mareas Vivas, Rías Baixas, Galicia Exprés, Ou Faro e Urgencia 0.

Paralelamente desenvolve o seu labor como actriz de dobraxe en galego e castelán, prestando a súa voz a actrices como Mariel Hemingway, Marilyn Monroe, Ornella Muti, Romy Schneider ou Carmen Electra entre outras.



# NOA IRIARTE



**Fórmase na ESAD de Galicia na especialidade de escenografía. Mentres completa formación asistindo a diferentes talleres: Novas tecnoloxías e novas maneiras de iluminación e son nas técnicas teatrais (impartido por Juan José Amando Rolán), Mapeo de vídeo (impartido por Laura Iturralde) e Clown poético (impartido por Mireia Miracle).**

**Traballou en Menu-do día un espectáculo coproducido pola MITCFC, formo parte do deseño e construción do espazo para os Premios Martín Codax 2023.**

# COMPañÍA



# LIMIAR TEATRO

Limiar teatro somos unha compañía galega creada en 2009 con 11 espectáculos producidos e máis de 400 representacións en España, Francia, Arxentina, Bolivia, Portugal, Uruguai e Brasil. Limiar é o límite, a fronteira e por iso a compañía movémonos nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais.

Pesquisamos no limiar das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas.

Quebramos fronteiras xeográficas con coproducións e xiras fóra de Galicia que nos levaron a estrear 6 das 7 producións fora do noso territorio e a integración nos equipos de profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil e Portugal.

Afondamos na relación entre as persoas creado proxectos comunitarios especiais creados en espazos singulares en colaboración con Teatro del Hereje nos que interpretes profesionais comparten escenario con agrupacións locais poñendo en valor o patrimonio arquitectónico e inmaterial das localidades. Tamén acumulamos unha ampla traxectoria en proxectos especiais ligados a diferentes campos como a historia, a gastronomía, o patrimonio, as novas tecnoloxías, o traballo comunitario ou a ciencia a través do teatro e as artes escénicas, achegando estas disciplinas ao público.

Nos últimos anos temos colaborado en proxectos de institucións públicas como a Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, Ayuntamiento de Medina de Rioseco, Ayuntamiento de Medina del Campo, FECYT, CSIC ou en proxectos europeos mediante a creación de espectáculos, intervencións en galas ou proxectos deseñados a medida.





# ORZAMENTO

**IVE INCLUIDO**

**CON TÉCNICA: 1.087,50 €**

**SEN TÉCNICA: 937,50 €**



PRODUCCIÓN, GESTIÓN Y DISTRIBUCIÓN

**limiar**

**Iván Davila**  
**+35 628 789 623**

**Brais iriarte**  
**+35 663 130 741**  
**limiarteatro@gmail.com**



**Carlos Martínez Carbonell**  
**+35 678 460 559**  
**<https://www.cremilo.es/es/>**